

### REXIONALISMOS E NACIONALISMOS PERIFÉRICOS (2)

- Segunda metade do **XIX**
- **Defensa da existencia de nacións propias diferenciadas da española**
- Diferentes **fases**:
  1. No seu comezo nº reducido de persoas (intelectuais e eruditos) vinculados á burguesía. Interese pola cultura, a historia e a lingua (base da solidariedade colectiva)
  2. Despois aparece a axitación política que aspira a cotas de autogoberno. Ampliación dos apoios sociais. Ofrecen expectativas favorables para a realización dos seus intereses económicos, políticos e culturais (galeguismo, vasquismo, catalanismo, andalucismo...)
- Diferentes **manifestacións**:
  - **Rexionalismo**: xurde a partir de 1880 para denominar aos movementos políticos e culturais que reivindicán a descentralización administrativa e de autogoberno consideradas como un dereito histórico fronte ao Estado centralizador
  - **Nacionalismo**: Movemento en defensa do recoñecemento de comunidade propia como unha nación diferenciada con dereito a dispor da soberanía política e de goberno propio. Aparece a finais do XIX e principios do XX. Nacen partidos nacionalistas en Cataluña, País Vasco e Galicia.
- Isto está baseado en diversos **factores**:
  1. Diversidade cultural e lingüística
  2. Contra a imposición do estado liberal centralizador
  3. Desigual desenvolvemento capitalista que ten como consecuencia as desigualdades territoriais
  4. Débil desenvolvemento do sentimento nacional español que tiña como causas a falta de consenso sobre o sistema político, sobre os símbolos nacionais, e o fracaso da política nacionalizadora e uniformadora do Estado
  5. Descontento e desilusión pola marcha xeral do país.

### CATALANISMO E NACIONALISMO CATALÁN (3)

**O CATALANISMO**: Amplo movemento de defensa dos intereses cataláns en todos os ámbitos. Comeza nas décadas centrais do XIX e adquire plena vertebración nas décadas finais deste século e iniciais do XX. Presenta **ampla variedade ideolóxica** (desde o nacionalismo conservador ata o federalismo republicano), sendo apoiado por unha **ampla base social** (burguesía, proletariado, campesiños) e **diversas estratexias** (desde a colaboración e participación no goberno do Estado español á creación dun estado independente ou ao federalismo e autogoberno)

#### **Factores diferenciados:**

- Lingua propia
- Costumes e dereitos diferenciados con outras zonas da Península
- Conciencia dun pasado histórico glorioso (símbolos)
- Desenvolvemento industrial
- Marxinación política sentida polos cataláns fronte á centralización e toma de decisións en Madrid

#### **Diferentes doutrinas e posturas:**

- **REXIONALISMO**: Década de 1880. Defensa do autogoberno, sen discutir a unidade nacional de España. Presenta dúas tendencias:
  - **Tendencia progresista**. Liderada polo federalista Almirall, que reivindica a modernización e transformación do país. Xornal en catalán: *Diari Catalá*. Organización: *Centre catalá*. **Presentación ao rei Afonso XII do Memorial en defensa dos intereses morais e materiais de Cataluña.**
  - **Tendencia conservadora**. Foi a que tivo máis capacidade de actuación e influencia. Fúndase a **Liga de Cataluña** (1887), entre os líderes, Cambó. En 1891 fúndase a **Unión Catalanista**, na que se federaron varias organizacións, na súa 1ª reunión aprobouse **un proxecto autonomista conservador: Bases para a Constitución rexional catalá.**
- **NACIONALISMO**:
- **Nacionalismo catalán conservador**: Prat de la Riba é o primeiro en identificar Cataluña como nación (tiña os requisitos necesarios). Propuxo a fórmula de federación das diferentes nacións e nacionalidades ibéricas que constituirían España. **Liga Rexionalista de Cataluña. Mancomunidad de Cataluña**
- **Nacionalismo catalán progresista e republicano**. Cataluña nación forxada pola historia, pero sobre todo pola vontade dos individuos que a conforman. Defendeu a creación dun Estado catalán consolidado pola democracia, as liberdades cidadáns, o reformismo social, o laicismo e o republicanismo. Primeiras organizacións **independentistas** (Francisco Maciá)

**Todas as reivindicacións catalanistas foron reprimidas pola Ditadura de Primo de Rivera, o que favoreceu a radicalización e favoreceu o reagrupamento das forzas da esquerda nacionalista e republicana en 1931: ESQUERRA REPUBLICANA DE CATALUÑA, forza hexemónica na 2ª República**